

CIRCULAR NÚMERO 1/98, DO 2 DE FEBREIRO, DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E INSPECCIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE ACLARAN POSIBLES DÚBIDAS EN RELACIÓN CO PROCESO DE ELECCIÓN, COMPOSICIÓN E CONSTITUCIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DOS CENTROS PÚBLICOS.

A Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes derogou o Título III da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, e, en consecuencia, víronse afectadas as normas legais que desenvolvían o citado Título III da LODE.

O novo marco legal sobre órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario está recollido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e no Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG. do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e, nos aspectos de procedemento electoral, no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo citado Decreto 324/1996.

Co obxecto de resolver as dúbidas que se poidan presentar sobre a aplicación da lexislación citada, resulta conveniente face-las seguintes precisións:

1º - DETERMINACIÓN DO NUMERO DE UNIDADES DO CENTRO

Ós efectos da elección do Consello Escolar, nos Institutos de Educación Secundaria, cando o Decreto 324/1996 fai referencia ó número de unidades entenderase que se retire ó número de grupos de alumnos, incluíndo, no seu caso, como grupos os existentes nas extensións dependentes dos mesmos. Por "grupo" debe entenderse o conxunto de alumnos que recibe simultaneamente ensinanza nas disciplinas comúns ou clases teóricas, segundo se trate de Bacharelato ou Formación Profesional.

Cando o Decreto 374/1996 fai referencia ó número de unidades, deben contabilizarse tódalas que estean xuridicamente creadas de Educación Infantil e Educación Primaria. "Ós efectos de elección do Consello Escolar, nos centros públicos integrados, cando o Decreto 7/1999 fai referencia ó número de unidades, deberán contabilizarse tódalas que estean xuridicamente creadas no momento da elección, tanto de educación infantil e educación primaria como de educación secundaria". (Apartado engadido pola Circular nº 18/00 da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa do 24 de outubro de 2000).

2º - PAPELETAS DE VOTACIÓN

Pola Xunta Electoral confeccionaranse papeletas nas que figuren relacionados por orde alfabética, tódolos candidatos. Cada votante sinalará cunha cruz os candidatos que elixe, sen que en ningún caso poida rebasa-lo número legalmente establecido.

Serán nulas as papeletas nas que se sinale como elixidos un número de candidatos maior que o establecido.

As asociacións, institucións de carácter representativo ou grupos de candidatos, que o desexen, previa solicitude formulada perante a Xunta Electoral, poderán confeccionar papeletas nas que figurando tódolos candidatos admitidos e proclamados pola Xunta Electoral, antes citada, estean sinalados cunha cruz os candidatos que se propoñan para elixir. Nestas papeletas figurará de xeito claro e destacado a identificación ou siglas da asociación, institución ou grupo proponente, sendo preciso a súa aprobación previa por parte da Xunta Electoral. No momento da votación, as

papeletas ás que antes nos referimos e as confeccionadas pola Xunta Electoral figurarán expostas de xeito que quede garantido o requisito de voto secreto.

3º - DA ELECCIÓN DO DIRECTOR

Procederá abri-lo proceso electoral para o nomeamento de Director nos seguintes supostos:

- a) Cando o Director finalice o mandato para o que foi nomeado.
- b) Cando as funcións de Director estean sendo desempeñadas por un Director nomeado polo Delegado con carácter accidental e ata o 30 de xuño.
- c) Naqueles Centros nos que a renuncia do Director, aceptada polo Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con efectos do 30 de xuño, permita abri-lo proceso electoral nos prazos establecidos no correspondente Regulamento Orgánico.
- d) Cando o Delegado Provincial da Consellería de Educación, en aplicación do establecido nos respectivos Regulamentos Orgánicos, cese ó Director con efectos de 30 de xuño.

4º - VARIACIÓN POSTERIOR DO NÚMERO DE UNIDADES

Naqueles centros que con posterioridade ás eleccións dos membros do Consello Escolar, tivesen variación do número de unidades, ou calquera outra circunstancia que supoña cambio na composición do mesmo, o Consello Escolar, ata a data en que se renoven con carácter xeral os Consellos Escolares da Comunidade Autónoma, continuará funcionando co mesmo número de membros. Coincidindo coa renovación dos Consellos escolares procederase do seguinte xeito:

Primeiro: Axustarase a composición do Consello Escolar á nova situación.

Segundo: Realizado o axuste, seguirase o proceso ordinario dun centro destas características para a primeira renovación.

Cando teñan que cesar persoas electas no último proceso aplicarase o establecido na disposición transitoria terceira e cuarta dos Decretos 374/1996, do 17 de outubro e Decreto 324/1996, do 26 de xullo respectivamente.

No suposto de supresión dun Centro por transformación noutros dous, o Consello Escolar do Centro suprimido quedará disolto e os dous Centros terán o tratamento de Centros de nova creación. O mesmo sucederá cando se supriman dous ou máis centros e se cre un novo por fusión dos anteriores.

5º - CÓMPUTO DO TEMPO DE SERVICIOS

O obxecto de cómputo de anos ou cursos de antigüidade ou docencia requiridos para optar ó cargo de director será contabilizado o curso escolar no que se celebran as eleccións, téndose en conta que a duración do curso é, a estes efectos, para Educación Primaria ata o 31 de agosto e para Educación secundaria ata o 30 de setembro; por iso serán elixibles os profesores que dentro desas datas cumpran os requisitos esixidos.

6º - DA COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

Os profesores que son membros do Consello Escolar en virtude de ocupar cargo directivo (Director, Xefe de Estudos, Secretario ou Administrador) non poderán ser candidatos ó Consello Escolar.

No suposto de que sexa nomeado Director, Xefe de Estudos, Secretario ou Administrador un ou varios representantes do profesorado no Consello Escolar, cesará nesta representación e producirá unha vacante que será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988. O cese no cargo con anterioridade ó remate do mandato no

Consello Escolar non implicará a recuperación da condición de membro do Consello Escolar como representante do profesorado.

7º - DAS MAIORÍAS NO CONSELLO ESCOLAR

Para a toma de decisións, cando o Consello Escolar estea constituído cun número menor de membros dos que lle corresponde, conformarán a maioría absoluta a metade máis un dos membros que de feito constitúen dito órgano colexiado, tendo en conta que soamente se contabilizaran os membros con dereito a voto. A estes efectos, considerarase que tamén hai constitución do Consello Escolar cando se proceda a súa renovación.

8º - DAS ELECCIÓNS

1.- Aqueles profesores que estean en Comisión de Servicios serán electores e elixibles no Centro en que exerzan a súa función docente. No suposto de que exerzan a súa actividade en dous ou máis Centros, deberán optar por un deles, ó efecto.

2.- Non formarán parte do Claustro de Profesores, a efectos de elección dos representantes do profesorado, os profesores substitutos, estando integrados no Claustro ó efecto, os profesores substituídos. Enténdese que son profesores substituídos os que están con licencia de enfermidade, maternidade, nupcialidade, asuntos propios, ou calquera outra ausencia previsiblemente inferior a seis meses.

3.- En canto ós profesores de Relixión, entenderase que forman parte do Claustro a efectos de elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar unicamente os que teñan nomeamento outorgado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sendo polo tanto electores e elixibles, con independencia do número de horas que imparten.

4.- Consideraranse incluídos entre o persoal da Administración e Servicios os que presten servicios no Centro e estean vinculados cunha relación xurídica, administrativa ou laboral, coa Consellería ou co Concello.

5.- Deberán arbitrarse as medidas oportunas, por parte da Delegación Provincial, para que os membros das mesas electorais dos Institutos de Educación Secundaria ou das Escolas Oficiais de Idiomas dos que dependen Extensión ou Seccións, se despracen a estas a efectos de proceder á votación dos representantes dos diferentes sectores.

6.- As eleccións dos representantes dos distintos sectores que formen o Consello Escolar non deberá afecta-lo desenvolvemento normal das actividades docentes.

9º- DO REPRESENTANTE DO CONCELLO DO TERMINO MUNICIPAL ONDE ESTEA SITUADO O CENTRO, DO REPRESENTANTE DA APA E DO REPRESENTANTE DAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS OU INSTITUCIÓN LABORAIS

1.- O sistema de designación destes representantes corresponde ó Concello, a Asociación de Pais de Alumnos máis representativa e as Organizacións Empresariais ou Institución Laborais respectivamente, polo que o Presidente do Consello Escolar unicamente deba solicita-la acreditación correspondente.

2.- O Concello, as Organizacións Empresariais ou Institucións Laborais e a APA poderán designar, se así o estiman, un profesor do Centro como representante no Consello Escolar.

Se este profesor fose ó mesmo tempo representante do profesorado no Consello Escolar, cesará nesta representación e producirá unha vacante que será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988.

O cese no cargo con anterioridade ó remate do mandato no Consello Escolar non implicará a recuperación da condición de membro do Consello Escolar como representante do profesorado.

3.- O Concello, as Organizacións Empresariais ou Institucións Laborais e a APA poderán substituír ou retirarlle a representación a persoa designada, sempre que existan razóns motivadas e o notifiquen ó Presidente do Consello Escolar. En ningún caso poderán designar representante titular e suplente que acudan ás sesións indistintamente.

4.- O Concello poderá designar a unha mesma persoa como o seu representante en máis dun Consello Escolar de Centros do municipio.

5.- En caso de disolución ou cese de actividade da APA, Organización Empresarial ou Institucional Laboral representada no Consello Escolar, a persoa designada perderá a condición de membro do Consello Escolar.

A vacante producida no Consello Escolar do representante da APA, cubrirase polo representante proposto da APA que de se-lo caso, pase a ser máis representativa; de non existir APA, a vacante producida será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988 polo tempo que lle quedaba de representación.

A vacante producida no Consello Escolar do representante das Organizacións Empresarias ou Institucións Laborais, cubrirase na próxima renovación do Consello Escolar de acordo co procedemento establecido no artigo 42º do Decreto 324/1996

6.- Cando corresponda un único representante dos pais no Consello Escolar, este será designado por elección e non por proposta da Asociación de Pais de Alumnos.

10º - DIMISIÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

Os representantes do profesorado, dos pais, dos alumnos e do persoal da Administración e Servicios que desexen renunciar, deberán formula-la renuncia, de forma expresa, perante o Presidente do Consello Escolar. Este limitarase a aceptar por escrito a renuncia e a informar ós restantes membros do Consello Escolar.

11º - DO NOMEAMENTO DO PROFESOR DELEGADO DAS EXTENSIÓNS

Nas Extensións de Institutos de Educación Secundaria e Extensións de Escolas Oficiais de Idiomas, por Delegación do Director, asumirá as funcións encomendadas ós órganos de goberno unipersoais un profesor delegado, que será nomeado e cesado de acordo co procedemento establecido para os restantes cargos directivos no artigo 21 e seguintes do Decreto 324/1996.

Cando a extensión teña a súa ubicación en localidade distinta ou cando se trate de nova autorización de extensión o profesor delegado será nomeado polo Delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O profesor delegado percibirá as retribucións correspondentes ó xefe de estudos de centro de tipo E.

12º - DOS REQUISITOS PARA OPTAR O CARGO DE DIRECTOR NUN INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

Ós efectos de reuni-lo requisito establecido no apartado b) do artigo 9º do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, tendo en conta que nos Colexios de Educación Xeral Básica impartíronse os niveis de 7º e 8º de EXB, considérase que estes niveis son equivalentes, a estes efectos, ó 1º e 2º curso da ESO

13º - DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derrogada a circular nº 7, de 28 de abril de 1988, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aclaran

posibles dúbidas en relación co Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensinanzas non universitarias.

Santiago, 2 de febreiro de 1.998.

O Director Xeral de Centros e Inspección Educativa

Asdo.: Severino Somoza Gómez